

**Resolución pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Auxiliar Administrativo/a, resultante do período de actualización de listas.**

Por resolución do 18 de marzo de 2026 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobouse e fíxose pública a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría profesional de Auxiliar Administrativo/a, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2025.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3 das que rexen o proceso, **ACORDO:**

**Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.**

Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Auxiliar Administrativo/a, , resultante do período de actualización de listas de outubro de 2025.

**Segundo.- Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.**

Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Auxiliar Administrativo/a,, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2025, trala resolución das reclamacións efectuadas, que figura publicada como ANEXO, na que os/as candidatos/as figuran por orde do D.N.I, co/s perfil/is profesional/is, ámbito/s territorial/is e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

O Director de Administración e Servizos Xerais

Ado: Pablo Arbones Maciñeira

(Na data e hora da sinatura dixital . No exercicio das funcións establecidas nos Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.)

